

PROGRAMACIÓN ANUAL ACTIVIDADES CRD

Departamento de Coordinación, Intervención e Mediación

CURSO 2014 - 2015

1. DEPORTIVAS

- Proposta aos alumnos de todas aquelas actividades que demanden e que teñan que ver coa práctica do deporte. Tales como:

Ping-pong

Fútbol

Baloncesto

Outros

Segundo a demanda, orgarnizaránse campionatos ao longo do curso de todos aqueles deportes nos que estén interesados.

- **Oferta de clases**, por un profesional a un prezo asequible . Sempre e cando houbese demanda :
 - o **ESGRIMA**
 - o **CROSS TRAINNING**
 - o **ZUMBA**

2. CULTURAIS

CINÉFILAS

- **“Cine, cine, cine.....+ cine por favor....”** trátase dunha proposta para todo aquel alumnado que esté interesado en ver cine. Sería” cine a carta”, con sesións a determinar. Dita actividade correría a cargo de aquel alumnado que o demandase. Adaptaríase unha sala para tal fin, con pantalla e equipos renovados. Posibilidade de palomitas.

3. FORMACIÓN

- **Linguaxe de signos:** formaránse grupos según demanda. Impartiríase este obradoiro por unha persoa especialista en linguaxe de signos
- **Obradoiro “Aprende a estudar”:** Formaranse grupos e estableceranse os días para levalo a cabo
- **Clases de apoio en inglés:** sen determinar, xa que sería para aquel alumnado que o solicitase.
- Proposta por parte da Dirección **de ofertar clases**, por un profesional a un prezo asequible . Sempre e cando houbese demanda :
 - o **LECTORA DE INGLÉS**, (nativa)

4. OBRADOIROS

- o **COCIÑA** : os obradoiros serán para o alumnado que o desexe e persoal do centro, estarán compostos por un máximo de 15/20 persoas. Si houbera máis demanda, intentaríase facer máis grupos.
- **Receta do Nadal:** farase un obradoiro de cociña (1º trimestre) para o alumnado e persoal que o solicite. Coincidindo coas datas de nadal elaborárase un prato a determinar. Os grupos serán como máximo de 15/20
- **Receta de Semana Santa:** será un obradoiro que coincidirá coa data de Semana Santa (2º trimestre) e farase un prato ou postre característicos do tipo de festividade.
- **Receta de tempada:** elaborárase un prato adecuado a tempada de primavera-verán, a determinar. (3º trimestre).
 - o **ORNAMENTACIÓN**: os obradoiros serán para o alumnado que o desexe e persoal do centro, estarán compostos por un máximo de 15/20 persoas. Si houbera máis demanda, intentaríase facer máis grupos.

- **Obradoiro de decoración navideña:** será un taller que coincida coas propias datas . Tratarase de decorar, ou ben unha mesa, ou un espazo, etc de cara ao nadal.
- **Obradoiro floral:** coincidirá aproximadamente co último trimestre do curso e consistirá en aprender a facer un arranxo floral, ben un centro de mesa, ben un bouquet, etc.
 - **“FAINO PARA POÑER”:** os obradoiros serán para o alumnado que o desexe e persoal do centro, estarán compostos por un máximo de 15/20 persoas. Si houbera máis demanda, intentaríase facer máis grupos.

Trátase de facer un taller de pulseiras, gargantillas, camisetas, etc., sen determinar coa idea de que algunha das cousas sexa identificativa do CRD, e que ao mesmo tempo sirva para recaudar fondos solidarios.

5. FESTIVAS: AS FESTAS DO CRD

- **Magosto**

Coincidindo coa tempada das castañas, farase no centro un magosto para que o disfrute todo o alumnado. Ademais da recolleita solidaria das castañas, o alumnado recollería y asaría castañas para comelas no centro.

- **Festa do nadal**

Como tódolos anos por estas datas, farase a comida do nadal no centro.

Haberá un sorteo dunha “cesta de nadal”, ou outros agasallos que decidan as Directoras de colexio e a Dirección do centro.

Música e Karaoke como fin de festa.

- **Festa do entroido**

No segundo trimestre do ano celebrarase a festa adicada ao “Deus Momo”

Farase unha comida de entroido no centro coa degustación propia dos productos da época.

Haberá un concurso de disfraces para todo o alumnado e persoal que desexe disfrazarse.

Festa pola noite con música, bebida e chuches.

- **Festa da primaveira**

A finales do terceiro trimestre e ca chegada do bo tempo, farase unha comida temática para o alumnado (xaponesa, italiana....)

Haberá unha actuación musical, ou DJ nos exteriores do centro para celebrar a entrada da primaveira.

Sería boa idea que o alumnado e profesorado, viñesen vestidos de branco.

Contaríamos con chuches e bebidas para celebrar.

6. DÍAS “D” :CONMEMORACIÓN DE FESTIVIDADES

Conmemoraranse todos aqueles días previstos pola Consellería (Letras Galegas, Sida, Muller traballadora, cancro, Paz etc) y outros que o centro considere oportuno. Farase un guiño o día, con vídeos, algún tipo de distintivo do día, folletos, películas, etc.

PROGRAMACIÓN ANUAL ACTIVIDADES DO “ CRD SOLIDARIO “

CURSO : 2014 - 2015

- **Tapóns para unha vida**, ao longo de todo o curso, e como se viña facendo en anos anteriores, poranse puntos para a recolleita de tapóns solidarios. Dita recolleita está adicada cada ano a unha persoa en concreto que o precisa.

1º TRIMESTRE

- **2ª Recolleita de castañas**, para repartilas entre as distintas Institucións Benéficas, que se decidan. Os alumnos e persoal do CRD, ao igual que no ano anterior, recollerán castañas, seleccionaranas e empaquetaranas para levar as distintas Institucións.
Levarase a cabo no mes de outubro/novembro, en distintas fases.
- **Taller solidario de castañas**, aproveitando a época das mesmas, farase un taller de cociña, con distintas elaboracións de castañas. Será para todos aqueles que queiran asistir ao taller. O produto final, ben se ofertará ao persoal coa finalidade de obter un beneficio económico, ben se distribuirá entre as distintas Institucións Benéfica. En calquera das modalidades todo sería para doar.
- **Operación Kilo**, ao igual que no ano anterior, farase unha recolleita de alimentos para levar ao “**Banco de alimentos**”. Igual que no ano anterior, crearase un punto solidario para depositar os alimentos, que permanecerá aberto durante aproximadamente dúas semanas. Pasado este tempo entregarase todo o recolectado ao banco de alimentos. A data prevista coincidirá co nadal.

2º TRIMESTRE

- **Recolleita de roupa**, levarase a cabo no centro e anúnciarase e entregarase no **punto solidario** para que todas aquelas persoas que o desexen poidan contribuir solidariamente aportando aquelas prendas que desexen. A roupa este ano irá a parar a Institución Benéfica “ **Padre Rubinos** “

3º TRIMESTRE

- **Operación Kilo**. Está previsto que o longo do curso se fagan dúas campañas para entregar ao “Banco de Alimentos”. Farase igual que a outra, durante 2 semanas. A data prevista coincidirá co mes de maio.
- Taller de cociña “ **As letras solidarias** “. Trátase dun taller de cociña no que se fagan galletas coas figuras de letras, para ofertalas no recreo e a recaudación irá a parar a unha das Institucións Benéficas. A data prevista podería facerse coincidir ou ben co programa da Consellería “Voluntariado de lectura A”, ou ben co día das letras galegas, de non celebrarse o programa.

Culleredo, 1 outubro de 2014

**Dpto. de Coordinación, Intervención e
Mediación**